

**OPINIÓN DE *NOVA ESCOLA GALEGA* SOBRE O
CONFLITO SUSCITADO EN DIVERSOS CENTROS DE
ENSINO SECUNDARIO SOBRE O ENSINO EN GALEGO**

1. Exposición do conflito

Ao longo do pasado mes de outubro, o servizo de Inspección Educativa da Consellería enviou cartas de apertura de incoación de expediente por incumprimento dunha obriga legal a un certo número de profesoras e profesores de diversos Institutos de Educación Secundaria de Vigo e a súa bisbarra. O incumprimento ao que se alude nas cartas refírese á obrigatoriedade de impartir en galego as áreas do currículo que se especifican no Decreto 247 / 1995 (modificado parcialmente no 66 / 1997). As citadas cartas advirten de que, se non se corrixe a falta que se lles atribúe, se lles aplicarán as medidas sancionadoras correspondentes.

Este feito está a motivar diferentes reaccións entre o profesorado dos centros. Por parte das persoas afectadas e dun sector dalgúns claustros, fixéronse circular cartas nas que se solicita a solidariedade cos afectados ante a situación descrita. Ao tempo, e por diferentes vías, estase a suscitar un debate no que, ademais deste feito concreto, se pon en cuestión a licitude da lexislación lingüística referida ao galego no ensino, a pertinencia da súa obrigatoriedade e a posible conculcación da liberdade individual do profesorado.

Todas estas cuestións teñen a virtude de facer saír á luz un conflito larvado que non se encarou dun xeito explícito ao longo destes últimos nove anos, como é o cumprimento do Decreto de 1995 e a provisión das medidas necesarias por parte da Administración para poder trasladalo á práctica. Porque a Administración que agora pide unha resposta inmediata é a mesma que, ao longo destes anos, non se preocupou por comprobar a efectiva aplicación do lexislado nin de poñer os medios para solucionar as dificultades que puidesen xurdir nos centros.

Por outra banda, aínda que o conflito aparece limitado á comarca de Vigo, sabemos que pode repetirse noutros lugares de Galicia en calquera momento, pois o incumprimento do Decreto, como mesmo ten recoñecido a propia Administración, dáse en diversos centros espallados por todo o país.

Ante estes feitos, NOVA ESCOLA GALEGA, consciente de que non se poden propoñer solucións simples a problemas complexos, quere facer pública a súa opinión sobre o conflito suscitado.

2. A contextualización do conflito.

O uso actual das dúas linguas oficiais de Galicia no ámbito do ensino vén regulado polos decretos 247/1995 e 66/1997. Neles especificanse as materias que, como mínimo, se deben impartir en galego nas diferentes etapas educativas. Trátase dun texto legal que, como outras medidas anteriores, tenta desenvolver o obxectivo básico expresado na Lei de Normalización Lingüística de 1983 (art. 14.3) e que se reitera nos obxectivos xerais das Etapas de Primaria e Secundaria: o sistema educativo galego garantizará que o alumnado acade unha boa competencia (comprender/falar/ler/escribir) nas dúas linguas oficiais.

Na actualidade, é o decreto que está en vigor. Durante os nove anos transcorridos desde 1995, a súa translación á práctica foi moi desigual. O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, elaborado durante os dous últimos anos pola Administración e aprobado polo Parlamento de Galicia en setembro deste ano 2004, vén recoñecer implicitamente o seu significativo grao de incumprimento, máis nunhas etapas ca noutras, máis nuns ámbitos ca noutros.

Este incumprimento veu sendo denunciado ante a Administración por diferentes organizacións sociais (partidos políticos e sindicatos, asociacións pedagóxicas, Mesa pola Normalización Lingüística, etc.). Parece evidente que, cando se elabora un decreto que busca un cambio na práctica docente, debe ser a Administración educativa a encargada de poñer os medios materiais e humanos para que as medidas lexisladas se poidan levar á práctica. Entre eles, en lugar principal, a necesaria preparación lingüística e

comunicativa daquel profesorado que non a posúa, aspecto este que non admite solucións improvisadas e que esixe unhas medidas que atendan á diferente casuística que se pode dar.

Son moi escasas as medidas propiciadas pola Administración, case sempre de carácter xenérico. Entre elas nunca figurou a axuda efectiva ao profesorado que a precisaba para poder impartir as súas clases en galego. Tamén é certo que, agás excepcións, desde os centros non se lles fixeron chegar as necesidades concretas de cada caso e a demanda das medidas necesarias; pero, aínda tendo en conta a responsabilidade dos centros, isto non exime á Administración da súa responsabilidade principal. É esta unha deixación que contribuíu a alimentar a crenza de que hai leis para cumprir e leis só para figurar no papel.

3. As diversas facetas do conflito.

Do anteriormente exposto, é doado deducir que nos atopamos ante un problema que ten múltiples facetas que deben ser analizadas. Sen ánimo de sermos exhaustivos, velaquí as que NOVA ESCOLA GALEGA considera principais:

3.1. O procedemento utilizado pola Administración.

Parece obvio que non é este o xeito adecuado de encarar un problema complexo. Podería selo nunha cuestión puramente administrativa, pero non nun ámbito coma a práctica lingüística no ensino, onde non só rexen as ideas e argumentos, senón tamén os prexuízos e as actitudes de carácter emotivo (e que as reaccións producidas non fan máis que confirmar). Entendemos máis ben que, se realmente se quere lograr o cumprimento do Decreto, urxe emprender, sen máis demora, o camiño que a Administración debiera ter iniciado hai 9 anos: poñer os recursos materiais e humanos necesarios para facer efectivos os cambios que se precisen.

Sabemos que non chega con ter a competencia lingüística nunha lingua para poder desenvolverse nun labor como é o de impartir clases; é necesaria ademais a competencia comunicativa, máis complexa, pois é a que garante a seguridade e a confianza na práctica docente. De aí que, ao noso entender, a solución só pode darse coa análise dos problemas que se presentan e coa adopción de compromisos temporais e de axudas desde a Administración e desde os centros.

3.2. O contido do Decreto de 1995.

Desde unha perspectiva individual, ou desde unha organización como NOVA ESCOLA GALEGA, pode terse unha opinión sobre os contidos do Decreto de 1995, e sobre a lexislación lingüística, en xeral. Pero é un texto legal que os centros deben cumprir, do mesmo xeito que cumpren outras regulamentacións que a Administración dicta. O noso apoio ou rexeitamento, ou as nosas propostas de cambios legislativos, teñen outras canles cidadás máis axeitadas (sindicatos, asociacións pedagóxicas, foros sociais, partidos políticos, etc.) para manifestarse.

Non obstante, e dada a insuficiente intervención da Administración neste eido, si que é necesario lembrar cal é o sentido deste Decreto, para evitar interpretacións que, por descoñecemento ou quizais por mala fe, se están a producir.

Contra as lecturas interesadas que falan da "imposición del gallego", nunha evidente actualización do Ministerio da Verdade de Orwell, hai que lembrar que tras o cambio legislativo que se produce entre 1978 (Constitución) e 1983 (Lei de Normalización Lingüística), co Estatuto de Autonomía (1981) en lugar principal, os obxectivos do sistema educativo experimentaron, cando menos na teoría, unha profunda transformación. No ámbito lingüístico, ao seren oficiais o galego e o castelán, a lexislación introduciu, como xa se dixo antes, a necesidade de que o sistema educativo garantise unha boa competencia do alumnado nas dúas linguas oficiais, independentemente de cal fose a súa lingua familiar. Como a competencia nunha lingua

non se adquire só co seu estudo, senón sobre todo co seu uso, xorde a necesidade de que, cando menos, nunha parte do currículo se utilice o galego como lingua vehicular.

Que o alumnado acade unha boa competencia nas dúas linguas, independentemente de cal sexa a súa lingua familiar, é a condición que permite a auténtica liberdade dos cidadáns para elixir en que lingua queren expresarse; e, sobre todo, a que vai permitir que esa liberdade individual teña unha plasmación social (de non ser así, os galego falantes só poderían expresarse nos seus guetos, como ocorre tantas veces na actualidade). A Lei de Normalización Lingüística está orientada, xa que logo, nunha perspectiva que busca unha sociedade na que tanto galego como castelán falantes poidan facer un uso normalizado da súa lingua; algo que hoxe está moi lonxe de ser unha realidade para os galego falantes (pénsese, por exemplo, na imposibilidade real de transmitirle a lingua familiar a un neno ou nena nun ámbito urbano, cun sistema educativo que hoxe todos os estudos definen como esmagadoramente castelanizador).

Sen entrarmos noutras consideracións que non teñen cabida neste documento, cómpre sinalar que, desde a perspectiva da sociolingüística aplicada ao ensino, o Decreto de 1995 é insuficiente para garantir o obxectivo da boa competencia nas dúas linguas. Como ocorre nas políticas sociais de xénero, precísase un uso maior da lingua máis desfavorecida socialmente, como vía para compensar as evidentes desigualdades de partida que suscita a situación social das linguas (remitimos, entre outros, ao imprescindible texto de Colin Baker, *Fundamentos de educación bilingüe y bilingüismo*. Cátedra, 1997).

3.3. A reaparición dos prexuízos lingüísticos.

Polo que coñecemos ata o momento, este conflito está facendo rexurdir vellos prexuízos que parecían desaparecidos, pero que quizais só estaban temporalmente desactivados. Non é este o lugar para analizalos e desvelar a súa febleza, pero parécenos necesario facer algunha consideración básica.

Un dos prexuízos máis relevantes no noso ámbito é o da pretendida "imposición del gallego". Parece que se acepta como natural todo o aparello lexislativo do castelán -lórico, dado que todos os Estados adoptan políticas lingüísticas tendentes a impoñer e estender a(s) súa(s) lingua(s): de aí que na Constitución se sinala o deber (art. 3) que todos temos de coñecelo- e, pola contra, se ve como unha "imposición" o feble aparello lexislativo do galego, tan cativo que está a producir os preocupantes resultados que as últimas estatísticas sinalan. Non debéra facer falta lembrar que o retroceso dunha lingua non é un fenómeno natural, como pode ser o paso das estacións, senón que, coma a catástrofe do "Prestige", é un fenómeno social que ten unhas causas moi definidas. Causas que responden, en última instancia, a unha determinada política lingüística orientada desde o poder.

Neste contexto, a apelación á liberdade individual do profesorado esixe unha matización. A ninguén se lle pide que abandone a súa lingua, como ás veces se pretende facer crer. Pero a liberdade lingüística individual de cada un de nós pode ter, no ámbito laboral, restricións derivadas da organización en que traballamos. Os funcionarios do ensino (como os restantes funcionarios) non poden dar as súas clases á marxe das obrigas impostas por unha normativa legal. No noso caso, a Administración educativa ten a obriga de asegurar o cumprimento dos obxectivos lexislados. Pois, polo de agora, é a Administración quen decide aspectos educativos tan transcendentais como o currículo, as etapas do ensino ou os obxectivos, lingüísticos e doutro tipo, que se pretenden acadar.

3.4. O perigo de que se produza unha fenda nos centros.

Esta cuestión parécenos particularmente lesiva. Débese evitar que o conflito actual derive en enfrontamentos entre o profesorado dos centros e, por extensión, entre os membros da comunidade educativa. Iso sería tratar desde a irracionalidade unha cuestión que esixe de nós precisamente un esforzo racional e desapaixoado (e que, de non facelo, será aproveitada para os seus fins polos sectores sociais opostos ao uso do galego).

Por iso non debemos esquecer quen, principalmente, ten a obriga de solucionar os problemas e os medios para facelo: unha Administración que, polo de agora, se limitou a lexislar e nin tan sequera explicou nunca entre a xeneralidade do profesorado cales son as fundamentacións pedagóxicas que levan á necesidade de que, cando menos, nunha parte do currículo se empregue o galego como lingua vehicular. É ben certo que

levamos parcialmente perdidos estes nove anos (ou estes vinte e un, se contamos desde a aprobación da Lei de Normalización Lingüística), pero non o é menos que nunca é tarde, e que este conflito quizais sexa o detonante para obrigar a que se poñan os medios que sexan necesarios.

Tamén os docentes debemos asumir a nosa parte de responsabilidade. As Direccións dos centros en primeiro lugar, por non demandar eses medios necesarios para os cambios; os Equipos de Normalización, por non teimar para que se produza esa demanda; os claustros, no seu conxunto, por dar por boa unha situación de incumprimento legal; as persoas afectadas, por non demandar tamén elas as axudas necesarias para o importante cambio que se lles pide. Quizais agora temos diante a oportunidade de poñerlle remedio a todo isto. Pero nunca ao prezo de que as relacións humanas dos centros se deterioren, mentres continúa a ollada pasiva e -o que é peor- a translación de responsabilidades da Administración.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2004